

A Pobra pon en valor os cogomelos coas III Xornadas Micolóxicas

© Novembro 11, 2019 A.R.



A terceira edición das Xornadas Micolóxicas chega á Pobra do Caramiñal cunha programación que inclúe coloquios, obradoiro, saída ao campo e concurso fotográfico. A convocatoria deste ano esténdese do 13 ao 17 de novembro, arrancando o mércores 13 coa charla introdutoria *Os cogomelos no medio natural*, ás 20.30 horas, no Auditorio do Museo Valle-Inclán. O xoves 14 terá lugar o obradoiro *Cultivo do xénero Pleurotus*, ás 20.30 horas, na aula de estudo situada na planta superior da Biblioteca municipal. Ventos-Estudios Ambientais será o encargado de impartir esta acción, onde os participantes elaborarán sacos de cultivo de *Pleurotus ostreatus*, que despois poderán levar para as súas casas, así como un tríptico coa información para o mantemento do citado saco. Para esta actividade requírese inscrición previa, pois dispónse dun máximo de 25 prazas.

Enfilando a fin de semana, o venres 15 celebrarase no Auditorio do Museo Valle-Inclán, ás 20.30 horas, a conferencia *As cantareláceas de Galicia*, a cargo de Jaime B. Blanco Dios, presidente da Asociación Micolóxica Brincabois de Pontevedra. Na xornada do sábado 16, en horario de 11.00 a 13.00 horas, desenvolverase o obradoiro *Conservación e propiedades dos cogomelos*, impartido por Arenaria Coordinación e que ensinará diferentes métodos de conservación, ademais de comparar as propiedades nutritivas dos cogomelos con outros alimentos. A aula de estudo situada na planta superior da Biblioteca municipal acollerá estas actividades para as que se precisa inscrición previa ao dispoñerse dun límite de 25 prazas. Finalmente, o domingo 17 haberá saída ao campo con Jaime B. Blanco Dios, en horario de 10.00 a 13.30 horas. Posteriormente, procederase á exposición na Casa Mariñeira e entrega de premios do III Concurso Fotográfico, para o cal era obrigatoria a inscrición previa aberta ata o 31 de outubro, ás 12.00 horas.

As actividades son de balde e os interesados poden solicitar máis información ou inscribirse a través do enderezo electrónico medioambiente@apobra.gal.